

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SEIS DE OUTUBRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día seis de outubro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e nove de setembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.596/09 de Penelán, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Ramiro Pérez Vieites, en representación de Penelán, S.L, expón que a Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 24/10/2006 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Galegos-Vilanova (nº 91/2006), e dado que debido as dificultades de financiamento derivadas da actual situación económico-financeira foi imposible rematar a mesma no prazo concedido, solicita a concesión dunha prórroga

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de 18 meses para rematar as obras, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas que ascenden á cantidade de sesenta (#60,00#) euros

3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a Café-Bar



Vista a solicitude núm. 754/06 presentada por Carlos Gañete Durán en representación de Gaduca A Estrada, S.L. para transmitir a favor de dona Carmen Iglesias Iglesias a titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a Café-Bar sito no número 31 do lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 30/03/83 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de cento vinte euros con vinte céntimos (#120,20#) xa ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o que esta autorización non surtiría efecto ningún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ó transmitente e ó adquirente

#### 4º.- Certificacións de obras

##### 4.1.- Certificación da obra de *Acondicionamento do colexio de Santa Cruz de Ribadulla para instalación de comedor*

Dáse conta da certificación e factura num. OCV.007 de Promotora Matimán, S.L pola realización das obras de *Acondicionamento do colexio de Santa Cruz de Ribadulla para instalación de comedor*, incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de trinta mil corenta e nove euros con trinta e dous céntimos (#30.049,32#), sendo o director das mesmas o arquitecto don Fermín González Blanco

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura

##### 4.2.- Certificación num. 1 da obra *Locales de exposición y graderio en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra *Locales de exposición y graderio en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local, adxudicada á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de corenta mil cincocentos sete euros con noventa céntimos (#40.507,90#), sendo o director da obra a arquitecta dona Mercedes Rosón Varela.

Dáse conta asimesmo factura num. E00261/09 de Obras y Viales de Galicia, S.L polo traballos relacionados na certificación anterior

A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e máis a factura



## 5º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas, por xestións varias en setembro. Importe 159,49 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo do mes de agosto. Importe 3,36 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios, don José I. Munín, dos meses de maio a setembro. Importe 401,22 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de xullo. Importe 57,66 euros

Quilometraxe da traballadora dona M<sup>a</sup>. Montserrat de la Fuente Fernández do mes de agosto. Importe 31,62 euros

Quilometraxe da traballadora dona Miriam Fernández Neira dos meses de xullo e agosto. Importe 52,99 euros

Gastos de chamadas de traballo realizadas pola monitora dona Miriam Fernández Neira co su móbil particular. Importe 102,05 euros

Fondo social por gastos médicos do Sr. Secretario don Carlos J. Méndez - Losada Abalo, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social por gastos médicos do Sr. Tesoureiro don Carlos J. Sanmartín Carrera, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 391,00 euros

Fondo social por gastos oftamolóxicos da funcionaria dona María Canedo, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 102,75 euros

Asistencias á Mesa de Selección para a contratación dun técnico informático, dos seguintes Sres/Sras:

D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> . Cruz Vilas Giadanes (Presidente).....	49,20 euros
D <sup>a</sup> . María Victoria Negrín Collazo (vogal).....	54,10 euros
D <sup>a</sup> . Begona I. Beis Gómez (vogal).....	54,10 euros
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> . Teresa Amenal Junquera (vogal).....	45,70 euros
D <sup>a</sup> : Vanessa Crespo Souto (asesora).....	45,70 euros
D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo (Secretario)..	49,20 euros

Horas extraordinarias do traballador don Jorge Cerdeira Souto por atención na piscina municipal no mes de xullo. Importe 1.202,31 euros



Horas extraordinarias da traballadora de limpeza dona M<sup>a</sup>. Delia Carreira González no mes de xuño. Importe 161,25 euros

Horas extraordinarias da traballadora de limpeza dona M<sup>a</sup>. Del Carmen Pérez Torres no mes de xuño. Importe 161,25 euros

Horas extraordinarias do traballador don Gerardo Cerdeira Souto por atención na piscina no mes de xullo. Importe 733,33 euros

Xornadas de traballo da concelleira dona Lucía González Louro do 1º semestre do ano. Importe 1.400,00 euros

Xornadas de traballo da concelleira dona Ana B. Picón Cotos de abril a setembro. Importe 387,50 euros

Quilometraxe da concelleira dona Ana B. Picón Cotos de abril a setembro. Importe 212,48 euros

Factura num. 19/2009 de José Fermín González Blanco por asistencia técnica no mes de setembro. Importe 2.436,00 euros

Factura nº 3576 do Rexistro da Propiedade por nota simple. Importe 191,72 euros

Factura num. 892E do procurador don José Antonio Castro Bugallo por intervención no recurso contencioso-administrativo presentado por don Dictino Maceira Fernández contra a aprobación do PXOM. Importe 444,61 euros

Factura num. 2135 de Restaurante O Agro por comida membros tribunal prazas do programa de cooperación. Importe 47,00 euros

Factura num. 5 da Asociación Musical o Recobio por actuación rede cultural da Deputación. Importe 900,00 euros

Quilometraxe e axudas de custo de don Adolfo Paz Camps por impartición clases de canto coral entre xullo de 2008 e xuño de 2009. Importe 2.893,80 euros

Factura num. 9T-2399 de Tallunión, S.L por revisión do bull de protección civil. Importe 508,47 euros

Factura num. A565 de Neumáticos Germán, S.L por rodas para o camión de recollida de lixo. Importe 1.463,32 euros

Factura num. VD 09/2009 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería no mes de setembro. Importe 5.113,34 euros

Factura num. 09/13 de José María Freiría Suárez por servizo de limpeza no mes de setembro. Importe 3.318,60 euros



Factura num. P 908.299 de Editorial Compostela, S.A. por concerto publicidade. Importe 517,65 euros

Factura num. SPA783611/2009 por concerto prevención e vixiancia da saúde. Importe 359,98 euros

Gastos de recarga de teléfonos móbiles das escolas unitarias. Importe 30,00 euros

Factura num. FA7560946 de Sociedad Agrícola Gallega, S.L por herbicida. Importe 946,95 euros

Factura num. CT15000273 de Sociedad Estatal Correos y Telégrafos, S.A do mes de agosto. Importe 288,67 euros

Factura num. IT-226 de Itinesis por servizos realizados na actividade multi-aventura en Boticas do Lazer, organizado polo departamento de cultura e subvencionado pola Deputación Provincial. Importe 2.940,00 euros

Factura num. 1067 de Cem-sa por copias da revista escolar do C.R.A Boqueixón-Vedra (50% correspondente ó Concello de Vedra). Importe 104,40 euros

Factura num. 79543/09 de UDESA correspondente ó alumeadado público de Caldelas-Ponte Ulla do 25 ó 30/06/09. Importe 24,09 euros

Recibo de E/City por alimentos para o servizo de madrugadores. Importe 64,43 euros

Recibo de Catalana de Occidente, S.A por seguro do tractor (Matrícula E-7264-BFN). Importe 87,96 euros

Recibo de canalsatélite digital, S.L por servizo de TV Dixital -canal + F. Fbol no mes de setembro. Importe 34,95 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por suscripción ó xornal no mes de agosto. Importe 30,00 euros

Recibo de Siemens Renting, S.A por alugamento da fotocopiadora de urbanismo no mes de agosto. Importe 548,85 euros

Recibo de Allianz Compañía de Seguros e Reaseguros por seguro da nissan vanette. Importe 483,48 euros

Recibo de Editorial Compostela por suscripción ó xornal no mes de setembro. Importe 38,00 euros

Factura de Restaurante Insua por comida dos participantes na excursión a Cedeira, con achegas dos mesmos. Importe 1.125,00 euros



Factura num. 4.218 de Pérez Antolín por materiais para o servizo de fisioterapia. Importe 14,23 euros

Gastos de recarga de móbiles das auxiliares de axuda no fogar. Importe 25,00 euros

Gastos de copias de fotos da exposición Nos mesmos dentro das actividades co centenario das sociedades de Vedra en Bos Aires. Importe 21,00 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente ó punto limpo no mes de maio. Importe 92,97 euros

Factura TA34Z0078209 de Telefónica correspondente á sede de Protección Civil no mes de agosto. Importe 80,64 euros

Factura num. 2009232 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento do alumeadado no mes de agosto. Importe 2.262,06 euros

Factura num. N260746 de Ricoh España, SLU por mantemento fotopocidadoras oficinas xerais e bibliotecas no mes de setembro. Importe 279,00 euros

Factura num. A00012926 de MRW do mes de agosto. Importe 18,33 euros

Factura num. 58.403 de Recambios Santiagueses, S.L por motor para a desbrozadora. Importe 1.569,55 euros

Factura num. 01873673 de Adif por alugamento da estación de ferrocarril de Santa Cuz no mes de setembro. Importe 377,61 euros

Factura num. 36.634 de Frenos y Embragues Santiago, S.L por material diverso. Importe 37,35 euros

Taxas de publicación no DOG de anuncio de oferta de emprego público. Importe 108,40 euros

Factura num. 06839000275 de El Corte Inglés por libros para programas para maiores. Importe 15,90 euros

Factura num. 375 de Hermanos Barros por toallas de lavabo para o centro de saúde. Importe 70,24 euros

Facturas de Unión Fenosa correspondentes ó albergue de peregrinos do 27/04/2009 ó 31/08/2009. Importe 588,39 euros

Factura num. 22104580 de A.C. Medin , S.A por revisión camión de recollida de lixo. Importe 1.755,47 euros

Gastos da viaxe a Mollet del Vallés do traballador don Jorge Cerdeira. Importe 152,45 euros



Facturas de Tele2 Comunitel do mes de agosto. Importe 430,55 euros

Factura num. CIO362789556 de Vodafone España, S.A.U do mes de agosto. Importe 659,41 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A do mes de agosto. Importe 1.220,98 euros

Factura num. 2145 de Restaurante O Agro por comida con técnicos de extensión agraria. Importe 66,00 euros

Factura num. 34 de Rotulaciones Pereira por rotulación de tractor John Deere. Importe 174,00 euros

Factura num. 85/09 de Reparaciones Sinde, S.L por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 51,74 euros

Factura num. 58/2009 de Oscar Chacón, S.L por estudio xeotécnico da parcela destinada ó proxecto de reforma e ampliación do centro da Terceira Idade de Vedra. Importe 1.624,00 euros

Factura num. N-3758 de Hércules de Ediciones por tomo de Galicia Dereito para a biblioteca municipal. Importe 177,00 euros

Factura num. 1902928 de Maquinaria Agrícola del Noroeste, S.L por material diverso. Importe 13,39 euros

Factura num. 192173 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo para os vehículos municipais. Importe 912,00 euros

Factura num. 295168 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasoleo bonificado para os tractores municipais. Importe 620,00 euros

Factura num. 20090118 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 929,32 euros


Factura num. 771/2009 de L. Secope, S.A por recollida de voluminosos e plástico en agosto. Importe 239,87 euros

Factura num. 9002864 de Ofitiendas por arranxo de ploter de urbanismo. Importe 452,40 euros

Factura num. 9002697 de Ofitiendas por material de oficina. Importe 358,44 euros

Facturas nums. 090030 e 0900024 de Mario Rodríguez Feijoo por agasallos diversos. Importe 419,92 euros

Facturas nums. 09-1222, 09-1223, 09-1224 de Askim Proyectos de Ingeniería, S.L por coordinación de seguridade e saúde de obras do FEIL, financiado pola De-



putación Provincial con cargo ó plan complementario ó FEIL. Importe 2.186,74 euros

Factura num. 09-00825 de Sapa Contenedores y Sev.S.L por retirada de materiais no punto limpo. Importe 492,40 euros

Factura num. P09/12359 de La Voz de Galicia por publicación de anuncio exposición pública expediente e Complexo Asistencial en Vedra. Importe 139,20 euros

Factura num. 2009/2755 de Sociedade Galega do Medio Ambiente por tratamento dos residuos sólidos do mes de agosto. Importe 8.095,48 euros

Factura num. 27 de Miguel Camino Bouzón por traballos realizados nos meses de xullo e agosto. Importe 598,56 euros

Factura num. 279/09 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por materiais diversos para a maquinaria municipal. Importe 251,24 euros

Factura num. B007/09 de Viraxes, S.L por posta en marcha da piscina municipal. Importe 3.833,10 euros

Factura num. 658 de Socyser por servizos prestados por tres auxiliares de axuda no fogar no mes de agosto. Importe 3.951,00 euros

Factura num. 9/000307 de Mapoca, S.L por materiais para o almacén municipal e brigada verde en agosto. Importe 31,49 euros

Factura num. 9/000306 de Mapoca, S.L por materiais para a escola de San Fins. Importe 38,40 euros

Factura num. 9/000305 de Mapoca, S.L por materiais para o albergue de Vilanova. Importe 122,79 euros

Factura num. E/110 de O forno da Ulla, S.L por auga para as escolas unitarias. Importe 17,08 euros

Factura num. 5609200968006395 de Probisa por mezcla bituminosa para bacheos. Importe 92,57 euros

Factura num. 00924 de Amextreme Kayak por cursos de piraguismo en Agro-novo. Importe 1.000,00 euros

Factura num. S/0125721 de Quimisol, S.L.U por materiais diversos. Importe 343,07 euros

Factura num. 8 de Asociación Cultural San Campio por actuacións do grupo de gaitas en actos do concello. Importe 500,0 euros



Factura num. 09/14 de José María Freiria Suárez por prestación do servizo de limpeza no comedor do CEIP de Ortigueira. Importe 139,20 euros

Factura num. A/9 de Café Bar A Vosa Casa por pinchos para o acto de celebración dos 30 anos de democracia nos concellos. Importe 487,06 euros

Factura 09/09 de Fundación Refuxio de Animais por cota do 1º cuatrimestre do 2009. Importe 3.189,60 euros

Factura num. 94 de Coesco por monitores para a ludoteca. Importe 1.890,00 euros

Cota de socio do Museo do Pobo Galego. Importe 125,00 euros

Factura num. 01/5 de Barreiron Mayor, S.L por papel. Importe 404,72 euros

Facturas num. 010001120, 01001121 e 010001122 de Puente Ulla por carburantes no mes de agosto. Importe 1.348,99 euros

Facturas nums. 0410/E09, 0443/E09, 0453/E09, 0454/E09 e 0455/E09 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na maquinaria municipal. Importe 1.467,44 euros

Factura num. S08000000682 de Diario As, S.L por inserción publicidade do Rally Botafumeiro . Importe 300,44 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

#### **6º.- Convenio coa Deputación Provincial para a realización da obra de Reforma e ampliación do Centro da Terceira Idade**

Dáse conta do convenio de colaboración asinado coa Deputación Provincial para a financiación da realización das obras comprendidas no proxecto de Reforma e ampliación do Centro da Terceira Idade, redactado polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez, cun orzamento de 179.999,00 euros

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o citado proxecto

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a súa licitación por procedemento negociado

#### **7º.- Outros asuntos**

7.1.- Circular para a contratación das obras incluídas na 1ª fase do plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais do concello (PAC-2)

Dáse conta da circular para a contratación das seguintes obras incluídas na 1ª fase do plan provincial de axuda contra a crise destinado ó financiamento dos



gastos de reposición asociados ó mantemento dos servizos públicos esenciais do concello (PAC-2)

DENOMINACIÓN	CÓDIGO	ORZAMENTO	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Mellora firme viais municipais</i>	09-3270-0052.0	53.863,18	53.863,18
<i>Inst. Tabiquería móbil no Museo de Vedra</i>	09-3210-0053.0	30.000	30.000

A Xunta de Goberno dáse por enterada, e de acordo coas bases reguladoras do mesmo acorda proceder á súa licitación por procedemento negociado.

#### 7.2.- Solicitud de axudas á Consellería de Traballo e Benestar

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 31 de agosto de 2009, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemnto de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantis 0-3 e os puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se procede á súa convocatoria (DOG num. 181/09, do 15 de setembro)

Ó abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda para o mantemento da escola infantil de San Fins

#### 7.3.- Solicitud de subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2009

Dáse conta da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 31 de agosto de 2009 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2009 (DOG num. 182/09, do 16 de setembro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Solicitar unha axuda para a contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local

2º.- Aprobar a memoria-proxecto para o que se solicita subvención

#### 7.4.- Concesión de axudas de emerxencia social

Dáse conta da instancia num. 1.729/09 de dona Natividad Alonso Acuña, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita axuda económica para a atención de necesidades básicas

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederlle unha axuda por importe de seiscientos (#600,00#) euros con cargo ó programa de emerxencia social

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta minutos

